



## CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE PRAZA, TIPO 2, DE DUE NA UNIDADE DE CRIOBIOXÍA, ESTRUTURA DE XESTIÓN INTEGRADA DE A CORUÑA

As vixentes bases reguladoras do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos, asinadas mediante Acordo da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña e as centrais sindicais CC.OO., CESM-O´MEGA, CIG, CSIF, SAE e UXT con data de 28 de setembro de 2015, configuran tres tipos de prazas: prazas xenéricas ou tipo 1 e prazas con características especiais: tipo 2, aquelas que requiren un plan de formación específico para o desempeño e tipo 3, que ademais do plan específico de formación implican a implantación dun determinado proxecto.

As funcións de enfermeira realizadas na Unidade de Criobioloxía do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña requiren do desenvolvemento de competencias cun alto nivel de especialización, que precisan dun exhaustivo programa de formación e adestramento. Doutro modo non é posible preservar, con todas as garantías de calidade esixidas, os diferentes tecidos e materiais biolóxicos procedentes de donantes, que se almacenan para o seu posterior uso clínico en pacientes receptores.

Á complexidade das funcións no desempeño súmanse as das condicións do posto de traballo, que supón a localización fora da xornada laboral para atender con carácter inmediato as necesidades derivadas dos Programas de Transplante de órganos que se realizan no Centro.

Con base no exposto e tendo en conta que esta Xerencia de Xestión Integrada é competente para coñecer e resolver a presente convocatoria, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009 do 28 de maio (DOG nº 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

### RESOLVE

A convocatoria dunha praza de DUE tipo 2 para a Unidade de Criobioloxía da Estrutura de Xestión Integrada de A Coruña.

Características da convocatoria:

- .- Ubicación da praza convocada: Hospital Teresa Herrera.
- .- Baremo: baremo aplicable establecido na base quinta das vixentes Bases de mobilidade interna no ámbito do CHUAC
- .- Horario: quenda de mañá con localización.
- .- Prazo de presentación de solicitudes. Dez días naturais, dende o 13 de febreiro.
- .- Publicación das listaxes provisionais o día 27 de febreiro.
- .- Prazo de reclamacións, 28 de febreiro.
- .- Publicación definitiva o día 1 de marzo.

Para cuestións procedimentais non especificadas nesta convocatoria será de aplicación a regulación estipulada nas bases de mobilidade interna asinadas entre a Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña e as centrais sindicais CC.OO., CESM-O´MEGA, CIG, CSIF, SAE e UXT con data de 28 de setembro de 2015 .

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 10 de febreiro de 2017

Xerente de Xestión Integrada.

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga

